

Proposta para a conmemoración do día das vítimas do Holocausto e dos crimes contra a Humanidade (27 de xaneiro)

1. Texto de presentación do acto de Conmemoración.

O 27 de xaneiro está recoñecido como *Día da Memoria do Holocausto e da Prevención dos Crimes contra a Humanidade* pola Organización das Nacións Unidas (ONU), pola Comisión Europea e pola Alianza Internacional para a Memoria do Holocausto, da que forma parte España. Nesta data lembramos a liberación do campo de exterminio de Austwchitz-Birkenau, que foi o paradigma dos horrores da persecución e do exterminio dos xudeos en Europa polo réxime nazi de Hitler e os seus aliados.

O Holocausto foi un crime sen precedentes na historia da Humanidade porque a ditadura nazi utilizou o seu potencial científico e tecnolóxico para exterminar a xudeos e ciganos, tirando proveito dos seus despoños, mentres a sociedade alemá e os gobernos occidentais miraban para outro lado. Para que un xenocidio destas características non se repita é fundamental que nós, europeos do século XXI, aprendamos na escola que os valores de igualdade e xustiza alicerzan a construción de modelos sociais inclusivos e non discriminatorios. O artigo 14 do capítulo II da Constitución Española de 1978 refírese á necesidade de evitar que “pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social”. E por iso nós estamos hoxe aquí.

Deseguido, varias persoas do grupo lerán o fragmentos do texto titulado “*Holocausto y memoria en el siglo XXI*” xa entregado. Despois prenderemos seis velas en memoria das vítimas do Holocausto, explicando a razón de cada unha delas. Precisamos o máximo silencio e atención por respecto a eses 6 millóns de persoas asasinadas nos campos de exterminio establecidos pola Alemania nazi durante a segunda guerra mundial.

A terceira parte do acto pode ser a proxección dun documental sobre os xudeos sefardíes de Salónica que era a maior comunidade sefardí de Europa e foi exterminada durante o xenocidio perpetrado polos nazis e os seus colaboradores.

2. ACENDIDO DAS VELAS: textos para ler en cada vela

Prendemos esta 1ª vela na memoria dos 6 millóns de persoas xudeas asasinadas nos campos de exterminio establecidos pola Alemania nazi e os seus colaboradores en Polonia durante a Segunda Guerra Mundial.

Acendemos esta 2ª vela na lembranza do millón e medio de nenas e nenos xudeos asasinados polos nazis neses campos de exterminio.

Prendemos esta 3ª vela en recordo dos exiliados republicanos españois que foron deportados ao campo de concentración de Mauthausen.

Acendemos esta 4ª vela na lembranza dos outros colectivos asasinados polos nazis e demais fascistas durante a Segunda Guerra Mundial. Nomeadamente as persoas de étnica cigana, discapacitadas e homosexuais.

Prendemos esta 5ª vela en homenaxe a todas persoas declaradas “xustos das nacións” que salvaron vidas de persoas xudeas. Entre eles figuran varios diplomáticos españois como Ángel Sanzi Briz e persoas “correntes” como as irmáns Touza de Ribadavia.

E acendemos a 6ª vela na memoria de todos os superviventes da Shoá que conseguiron refacer as súas vidas.

2. Proxección do documental sobre os sefardies de Salónica titulado [Unha librería en 6 capítulos](#) no repositorio de recursos de [Centropa](#) elaborados polo [Centro Sefarad](#).

É o resultado do proxecto desenvolvido polo CENTROPA recuperando a historia das condicións de vida das familias xudeas en Europa antes do Holocausto, da catástrofe que supuxo este (Shoá en Yidish) e dos que sobreviviron e tiveron que seguir coas súas vidas. Os investigadores do Centropa entrevistaron a máis de 1200 superviventes para elaborar documentais cos testemuños e documentos que recuperaron. Cada foto ten unha historia.

O que veremos deseguido describe a historia dunha familia de xudeso sefardies asentados en Salónica. Nesta cidade grega vivían máis de 90.000 xudeos descendentes dos expulsados de Sefarad polos Reis Católicos en 1492. Antes da deportación e do exterminio, eran a comunidade xudea máis grande de Grecia e tiñan o maior cemiterio hebreo do mundo. Este camposanto foi arrasado para construír enriba del unha universidade. Mantiveron, porén, a súa lingua, o ladino, que é no que narran a súa historia, como unha fermosa mostra da riqueza que supón a realidade multicultural das sociedades mediterraneas dende a Antigüidade ata os nosos días.

Este video reflicte ben:

- A realidade multicultural das sociedades mediterraneas dende a época grega.
- A dor de lembrar e a opción de esquecer para seguir vivindo no caso dos superviventes e o desexo de saber da xeración dos fillos.
- As deportacións despois da Primeira Guerra Mundial na Europa balcánica e o exterminio dos armenios.
- O funcionamento da rede asistencial, relacional e educativa propia que mantiñan os sefardíes dun xeito semellante ao que fixeron os inmigrantes europeos en América naqueles anos.
- Os motivos dos colaboracionistas: beneficiarse do expolio.
- A nobreza e rectitude dos "xustos": axudan á familia a agacharse na illa.
- A potencialidade da documentación familiar para relatar os grandes procesos da historia contemporánea.